

## SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALIZA PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nel Vidal Barral, como presidente da **Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua** (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org) e con teléfono de contacto 629 571 950,

### Expoño

- Que con data de rexistro de saída do 26 de maio (n.º de rexistro: 2507), na CTNL recibimos unha carta da secretaria xeral de Política Lingüística na que se anunciaba que nos próximos días sería publicada a convocatoria de subvencions para a normalización lingüística desde as administracións locais, e que nesa convocatoria se realizaron «modificacións para mellorar e facilitar a consecución dos seus obxectivos [...] co obxecto de lograr a normalización lingüística na entidade local». Ao mesmo tempo, tamén se indicaba que «para a identificación dos problemas xurdidos da aplicación das ordes precedentes e a proposta de mellora, tivéronse en conta as propostas de todas as entidades implicadas na normalización lingüística da Administración local».
- Que no *DOG* n.º 121 do martes 24 de xuño de 2008 está publicada a Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se regula a concesión de subvencions ás entidades locais para a normalización da lingua galega.
- Que logo de analizada esa orde, desde a CTNL temos que manifestar que non se tivo en conta ningunha das propostas relevantes que este colectivo lle fixo chegar tanto á secretaria xeral de Política Lingüística como á directora xeral de Administración Local en repetidas ocasións (febreiro de 2008, novembro de 2007, xuño de 2007, etc.).
- Que esta convocatoria, lonxe de ser, en xeral, un avance con respecto a anos anteriores, ten que ser considerada pola CTNL como un claro retroceso, nomeadamente polas seguintes cuestións:
  - Non se modificaron as cuestións máis problemáticas de pasadas convocatorias e que de sobran son coñecidas tanto pola Secretaría Xeral de Política Lingüística como pola Dirección Xeral de Administración Local, pois xa lle foron advertidas varias veces pola CTNL:
    - A convocatoria publícase demasiado tarde (algo do que xa se lle advertiu á SXPL a principios de ano).
    - A tradución segue considerándose unha función principal dos SNL, cando non debería ser así.
    - Non hai ningún tipo de requisito sobre o tipo de contrato, a categoría laboral, etc., e nin sequera o tipo de contratación é un criterio de puntuación.
    - Séguese poñéndose como requisito que o persoal dos SNL posúa a licenciatura en filoloxía (galega, galego-portuguesa ou hispánica na sección galego-portugués), cando o traballo en

normalización lingüística debe ser moito máis multidisciplinar e non se debe limitar só a coñecementos lingüísticos.

- Nesta convocatoria, na que se subvenciona a creación e reforzamento de SNL e a organización de campañas, tanto a Secretaría Xeral de Política Lingüística como a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza deixan de colaborar no financiamento do mantemento dos servizos de normalización lingüística xa existentes nas administracións locais galegas, o que, debido á inestabilidade, precariedade e dependencia de subvencións destes departamentos non é o máis acertado, e o que pode provocar a desaparición dalgúns SNL existentes en concellos galegos.

### **Polo que, solicito**

- Que se modifique a Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega (*DOG* do 24 de xuño) principalmente nos seguintes puntos:
  - Que haxa unha modalidade de axuda para o mantemento dos SNL xa existentes nos concellos galegos.
  - Que se axusten as funcións ás propias dun SNL: dinamización lingüística, formación (socio)lingüística e asesoramento lingüístico, co obxectivo do incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos do termo municipal (e que, polo tanto, non se considere a tradución como unha das funcións propias dos SNL).
  - Que os/as técnicos/as de normalización dos SNL estean en posesión dunha licenciatura (sen limitar esta a filoloxía galega e equivalentes) e que teñan praza ou estean contratados/as coa categoría laboral correspondente a un/unha licenciado/a.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2008